

PROXECTO EDA2008

ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Francisco José Docampo González (I.E.S. San Paio - Tui)

RECURSOS A EMPREGAR:

- Unidade didáctica Descartes:
Utilizarei a unidade didáctica titulada **FUNCIONS. GRÁFICAS E PROPIEDADES**, elaborada por min para o proxecto EDA2008, intentando adaptar os contidos, o máximo posible, ao alumnado, libro de texto e programación do seminario.
A Unidade didáctica consta de nove páxinas:
 1. Introducción e obxectivos.
 2. Concepto de función e formas de expresión.
 3. Dominio e percorrido.
 4. Propiedades das funcións.
 5. Funcións polinómicas.
 6. Funcións racionais.
 7. Función exponencial.
 8. Función logarítmica.
 9. Funcións trigonométricas.(Calcúlase que cada páxina levará dúas clases, incluíndo a realización dos exercicios propostos)
- Outros recursos:
Tendo en conta que un dos obxectivos que se buscan con este proxecto e a atención a diversidade, permitindo que o alumnado traballe ao seu ritmo, sendo flexible no número de actividades e permitindo a súa repetición tantas veces necesiten, elaboráronse actividades alternativas para aqueles alumnos máis avantaxados que rematen as actividades propostas antes que os demais. Estas actividades consistirán en enlaces a outras páxinas de Descartes nas que poidan seguir profundando nos conceptos e procedementos tratados (enlaces incluídos na unidade didáctica) e exercicios do seu libro de texto.
Disporase dun diario onde se anotarán as incidencias máis relevantes e que axudará a mellorar a actividade para sucesivos anos.
Non se considera necesaria a elaboración de follas de traballo dado o carácter secuencial da unidade didáctica Descartes elaborada. O alumno terá que seguir a secuenciación de contidos fixada, lendo e entendendo os conceptos tratados e realizando, a continuación, as actividades propostas.

Os **enlaces elixidos** para a ampliación son:

- PARA REPRESENTAR FUNCIONES

Autora: Consolación Ruiz Gil

- TABLAS Y EXPRESIONES ALGEBRAICAS

Autor: José M^a Navarro Canut.

- FUNCIONES: ELEMENTOS DE UNA FUNCIÓN

Autor: José Luis Alonso Borrego.

- INTERPRETACIÓN DE GRÁFICAS

Autor: Fernando Arias Fernández-Pérez.

- GRÁFICAS DE FUNCIONES POLINÓMICAS DE GRADO MENOR O IGUAL QUE TRES

Autora: Consolación Ruiz Gil.

- TRANSFORMACIONES DE FUNCIONES ELEMENTALES

Autora: M^a Olga Vázquez Rozas.

- LA FUNCIÓN EXPONENCIAL

Autora: Inmaculada Pomar Amillo.

- FUNCIÓN LOGARÍTMICA

Autor: Ignacio Jiménez Bolívar.

- RELACIÓN FUNDAMENTAL DE LA TRIGONOMETRÍA

Autor: Miguel García Reyes.

- TRANSFORMACIONES DE FUNCIONES: TRASLACIONES Y DILATACIONES.

Autor: Fco. José Merayo González.

- EL PROBLEMA DE LA VELOCIDAD.

Autor: Miguel García Reyes.

- LAS FUNCIONES DEFINIDAS A TROZOS. CARACTERÍSTICAS.

Autor: José Manuel Uceda Ortega

AVALIACIÓN:

- Dos contidos:
Levarase a cabo mediante:
 - a) Unha **proba inicial** que consistirá nun cuestionario con varias preguntas tipo test e catro posibles respostas das que só unha é correcta.
 - b) Control diario das actividades realizadas por cada alumno.
 - c) Unha **proba final** que consistirá na realización, de novo, da proba inicial e no típico exame que o alumno realizará de forma individual e sen ningún tipo de axuda.
- Do proceso
 - a) Enquisa inicial para establecer as características do alumnado.
 - b) Enquisa final para pescudar o grao de satisfacción obtida polo alumnado ante o emprego desta nova metodoloxía.